

**NOTA INFORMATIVA  
GA**

**Bruselas, 18 de febreiro de 2010**

**ASUNTO: POSIBILIDADES DE FINANCIAMENTO COMUNITARIO NO EIDO DO MEDIO AMBIENTE**

As posibilidades de cofinanciamento comunitario de actuacións no eido do medio ambiente para o período financeiro 2007-2013 son as seguintes:

1. Programa LIFE+<sup>1</sup>: LIFE+ é o principal instrumento para financiar os proxectos de intervención medioambiental durante o período 2007-2013. As convocatorias teñen carácter anual e os proxectos son enviados a Comisión Europea a través do Estado Central. Neste momento a Comisión Europea está en fase de avaliación e puntuación dos proxectos presentados na convocatoria de 2009. No que respecta a 2010, a Comisión ten previsto publicar a convocatoria na páxina [web](#)<sup>2</sup> da DX de Medio Ambiente o 5 de maio. Porén, desde a DX recomendan iniciar o antes posible a preparación dos proxectos conforme á [Guía de solicitude 2009](#)<sup>3</sup>, xa que as diferenzas coa convocatoria 2009 serán mínimas.

Dentro deste instrumento de financiamento existen tres subprogramas que cofinancian accións distintas dentro do marco da protección do medio ambiente:

- LIFE+ Natureza e Biodiversidade. Neste subprograma inclúense dúas modalidades diferenciadas:
  - **LIFE+ Natureza**: Esta parte do programa é a herdeira do programa LIFE Natureza inicial. Cofinancia a aplicación de boas prácticas xa comprobadas noutras zonas e proxectos de demostración que contribúan á implementación das Directivas [Aves](#)<sup>4</sup> e [Hábitats](#)<sup>5</sup>. O cofinanciamento neste ámbito é do 50%, ascendendo, con carácter excepcional, ata o 75%, no caso de proxectos relativos á protección de hábitats ou especies prioritarias.
  - **LIFE+ Biodiversidade**: A diferenza do LIFE+ Natureza, onde basta con reproducir boas prácticas, en LIFE+ Biodiversidade só se financian proxectos de demostración ou con carácter innovador que teñan como fin mellorar e manter a biodiversidade, seguindo os obxectivos da Comunicación da Comisión Europea [\[COM \(2006\)216final\]](#)<sup>6</sup>. A taxa de cofinanciamento máxima neste campo é do 50%. Ademais, a diferenza de LIFE+ Natureza:
    - Non hai que demostrar a viabilidade das medidas a longo prazo senón que son proxectos curtos, que teñen como obxectivo demostrar a viabilidade dun determinado método.
    - Non está limitado a especies de interese comunitario, senón que ten como obxectivo a protección da biodiversidade en xeral.
    - Non se financia a compra de terras.

<sup>1</sup> Programa LIFE: <http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:L:2007:149:0001:0016:ES:PDF>

<sup>2</sup> Páxina web da DX de Medio Ambiente: [http://ec.europa.eu/environment/index\\_en.htm](http://ec.europa.eu/environment/index_en.htm)

<sup>3</sup> Guía: <http://ec.europa.eu/environment/life/funding/lifeplus2009/components/index.htm>

<sup>4</sup> Directiva Aves: <http://ec.europa.eu/environment/life/funding/lifeplus2009/components/index.htm>

<sup>5</sup> Directiva Hábitats: [http://ec.europa.eu/environment/nature/legislation/habitatsdirective/index\\_en.htm](http://ec.europa.eu/environment/nature/legislation/habitatsdirective/index_en.htm)

<sup>6</sup> [COM (2006)216final] [http://ec.europa.eu/environment/nature/legislation/habitatsdirective/index\\_en.htm](http://ec.europa.eu/environment/nature/legislation/habitatsdirective/index_en.htm)

- LIFE+ Política e Gobernanza Medioambiental. Financia a demostración de métodos e tecnoloxías pouco coñecidas que se queiran dar a coñecer. O obxectivo é facer de ponte entre a investigación e a aplicación a escala real dos resultados para resolver un problema medioambiental concreto. Apoia proxectos tecnolóxicos que ofrezan beneficios medioambientais significativos, por exemplo melloras na eficiencia enerxética.

Ademais, esta parte do LIFE+ ten como obxectivo financiar proxectos que melloren a implementación da lexislación comunitaria en temas de medio ambiente e que constrúan unha base de coñecemento para a elaboración das políticas de medio ambiente. Este subprograma cubre doce eidos prioritarios (descritos na [convocatoria de propostas LIFE+ 2009](#))<sup>7</sup>: cambio climático, auga, aire, solo, medio ambiente urbano, ruído, produtos químicos, medio ambiente e saúde, recursos naturais e residuos, silvicultura, innovación e enfoques estratéxicos. Neste eido a UE cofinancia ata un 50% dos custos elixibles dos proxectos.

- LIFE+ Información e Comunicación. Ten como obxectivo financiar medidas dirixidas á subministración de información accesible ós cidadáns sobre o estado do medio ambiente, fomentar a sensibilización, etc. A campaña de sensibilización debe xirar en torno a un problema concreto e ben definido. Por outra banda, é preciso deseñar unha estratexia coherente de comunicación que permita acadar os obxectivos desexados.

Neste subprograma inclúese tamén o financiamento de accións de capacitación e preparación dos axentes forestais para a prevención de incendios, sendo este programa herdeiro do anterior programa Forest Focus.

O orzamento do que dispón o programa LIFE+ para o período 2007-2013 é de 2.143 millóns de euros. Desta cantidade o orzamento destinado a España no ano 2009 é de 26,8 millóns de euros, polo que a cantidade atribuída para o 2010 considérase que será similar. A Comisión Europea permite que os Estados membros esgoten o orzamento asignado sempre e cando os proxectos presentados sexan seleccionados e acaden os estándares mínimos. Se non houberse bastantes proxectos que cumpran estes requisitos poderanse transferir os fondos a outros Estados membros con proxectos que si os cumpran.

Ata agora España ten esgotado sempre o seu orzamento. Polo tanto, España é un dos Estados membros con mellores resultados por convocatoria de proxectos LIFE+.

Outras recomendacións para os solicitantes:

- É imprescindible o cumprimento dos requisitos formais, que inclúen a cumprimentación e presentación adecuada dos formularios. Por outra banda, é necesario estar atentos e responder rapidamente ós correos electrónicos enviados pola Comisión Europea (en caso de falta de documentación, a Comisión Europea permite subsanar estas faltas no prazo de 5 días).
- Recoméndase presentar un proxecto coherente no que se definan escrupulosamente os obxectivos e as accións (coherencia técnica), os medios para levalos a cabo (coherencia financeira) e unha avaliación de resultados.
- Coidar a adecuación dos proxectos ós obxectivos do programa LIFE+, pois existen outros instrumentos de financiamento comunitario moi próximos en determinados ámbitos.
- Os custes a financiar pola UE deben ser elixibles e estar ben xustificadas. O promedio de contribución da UE ós proxectos LIFE+ é de 1 millón de euros, cun máximo de 2 millóns por

<sup>7</sup> Convocatoria de propostas LIFE+2009: <http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:C:2009:111:0014:0016:ES:PDF>

- proyecto.
- Valórase a presentación de proxectos que respondan ás prioridades enunciadas polos respectivos Estados membros con 5 puntos, pero isto non significa que outros proxectos, sempre e cando se adapten ás prioridades e obxectivos do programa, non poidan ser seleccionados.
  - Só se financian accións desenvolvidas no territorio da UE.
  - A participación de socios doutros Estados membros será valorada só se están ben xustificadas e aportan un valor engadido.
  - Por outra banda, a Comisión aconsella facer unha previsión ampla dos prazos de desenvolvemento dos proxectos para evitar ter que pedir ampliacións adicionais para a execución.
  - O idioma para a presentación do proxecto pode ser calquera dos oficiais da UE, pois os comités avaliadores contan con técnicos que dominan todas as linguas comunitarias. Polo tanto, non é unha desvantaxe presentar un proxecto en castelán.
  - Se tras o proceso de avaliación, un proxecto resultou finalmente rexeitado, a Comisión Europea anima a que se presente en convocatorias posteriores, unha vez identificadas as debilidades e melloradas.
  - A DX Medio Ambiente da Comisión Europea organizará unha serie de sesións informativas do programa LIFE+ 2010 nos distintos Estados membros. A información sobre estas reunións estará dispoñible na [web](#)<sup>8</sup> do programa LIFE+ en breve. Para máis información, os solicitantes tamén poderán acudir ó [InfoPoint](#)<sup>9</sup> en España.
  - Dado o actual contexto de crise económica e as dificultades para obter financiamento suficiente para as propostas por parte dos solicitantes, tense constatado un menor número de solicitudes. Por este motivo, e dada unha menor demanda, as posibilidades de éxito dos proxectos son maiores.

Aínda que este é o instrumento específico de financiamento no eido medioambiental, as intervencións en medio ambiente tamén se poden financiar con cargo a outros fondos europeos que ó igual que LIFE se xestionan directamente en Bruxelas como son, o Programa de Innovación e Competitividade (CIP) o 7º Programa Marco de I+D. Ambas solicitudes de proxectos deben enviarse a Comisión Europea tras a oportuna convocatoria de proxectos.

2. O Programa Marco para a Competitividade e a Innovación (CIP<sup>10</sup> nas súas siglas en inglés): Apoia as actividades de innovación (incluíndo a eco-innovación), proporciona un mellor acceso a financiamento e subministra servizos de apoio empresarial nas rexións. O CIP, cun orzamento para o período 2007-2013 de 3.621 millóns de euros, está dividido en tres programas operativos: “Programa de apoio á política de tecnoloxías da información e a comunicación”, “Programa Enerxía Intelixente-Europa” e “Programa para a iniciativa empresarial e a innovación”. Este último subprograma apoia actividades horizontais para mellorar, fomentar e promover a innovación. Neste subprograma están incluídas as intervencións no eido medio ambiental a través de innovación ecolóxica.

A diferenza do LIFE+, que está dirixido a propostas presentadas polas Administracións Públicas, o CIP financia a promoción do uso de novas tecnoloxías medioambientais, ou de medidas dirixidas a conseguir a eficiencia e o aforro enerxético nas empresas, especialmente nas PEMES, que constitúen a maioría das empresas europeas. O “Programa para a Iniciativa Empresarial e a Innovación” conta cun orzamento de 2.166 millóns de euros para o período 2007-2013.

<sup>8</sup> Web LIFE+: <http://ec.europa.eu/environment/life/index.htm>

<sup>9</sup> InfoPoint LIFE+ España: <http://ec.europa.eu/environment/life/contact/nationalcontact/index.htm>

<sup>10</sup> CIP: [http://ec.europa.eu/cip/index\\_es.htm](http://ec.europa.eu/cip/index_es.htm)

No CIP poderán participar os países membros do espazo europeo, os países candidatos á adhesión e os países dos Balcáns occidentais. Outros terceiros países, especialmente países veciños ou países interesados en cooperar en actividades de innovación poderán participar no programa marco se os acordos bilaterais con ditos países así o prevén.

3. O [7º Programa Marco de I+D](#)<sup>11</sup> é o principal instrumento comunitario que financia as actividades de investigación e desenvolvemento. O orzamento da Comunidade Europea para o período 2007-2013 é de 50.500 millóns de euros . Este programa tamén financia actividades no eido medioambiental. Conta con 4 subprogramas. Son os seguintes: “Cooperación” (destinado a grandes proxectos de investigación entre o sector público e privado có obxectivo de fomentar a competitividade do sector privado en Europa), “Ideas” (que financia a investigación básica), “Persoas” (destinado a fomentar a formación dos recursos humanos) e “Capacidades” (que ten como obxectivo, entre outros, financiar as infraestruturas no eido da I+D).

Por último, cabe obter financiamento para intervencións medioambientais a partir dos fondos estruturais e do Fondo de Cohesión. A diferenza dos anteriores estes fondos son xestionados e pola Consellería de Facenda e, noutros casos, polo Ministerio de Economía y Hacienda. Polo tanto, as solicitudes de proxectos deberán transmitirse a un ou outro organismo segundo o programa operativo ó que desexemos presentar a solicitude.

4. **FEDER**: No artigo 4.4 do [Regulamento 1080/2006](#)<sup>12</sup> inclúense os ámbitos de intervención do financiamento dos fondos FEDER relacionados coa protección do medio ambiente para as rexións de obxectivo converxencia (aquelas cuxo PIB é inferior ó 75% da media comunitaria), como é o caso de Galicia. Estes eidos son: aprovisionamento de augas e xestión dos residuos; tratamento das augas usadas e da calidade da auga; prevención e control da desertización; prevención e control integrado da polución; axudas para atenuar os efectos do cambio climático; rehabilitación do medio ambiente físico; promoción da biodiversidade e a protección da natureza, incluíndo as inversións nos espazos da Rede Natura 2000; e axudas a PEMES para promover a posta en marcha de modelos de produción que inclúan tecnoloxías que reduzan a polución. Destácase tamén a promoción da protección do medio ambiente mediante o fomento do turismo sostible, o transporte público e as enerxías renovables.

O programa operativo Feder Galicia conta, para o período 2007-2013, cun orzamento de 695 millóns de euros para medidas destinadas a medioambiente, contorno natural, recursos hídricos e prevención de riscos; e un orzamento de 330 millóns de euros para accións relacionadas co desenvolvemento sostible local e urbano.

5. **Fondo de Cohesión**: Financia infraestruturas medioambientais e de transporte. Para ao período 2007-2013, Galicia conta cun orzamento de 743 millóns de euros. O artigo 2 do [Regulamento 1084/2006](#)<sup>13</sup> do Fondo de Cohesión sinala os ámbitos de intervención relacionados co medio ambiente e o desenvolvemento sostible: eficiencia enerxética e enerxías renovables; transportes que non entren no ámbito das redes transeuropeas de transporte (RTE-T) como serían o transporte ferroviario, fluvial e marítimo, sistemas intermodais de transporte, xestión do tráfico marítimo, aéreo e por estrada, o transporte urbano limpo e o transporte público.

<sup>11</sup> Sétimo Programa Marco de I+D: [http://cordis.europa.eu/fp7/home\\_es.html](http://cordis.europa.eu/fp7/home_es.html)

<sup>12</sup> Regulamento 1080/2006: [http://ec.europa.eu/regional\\_policy/sources/docoffic/official/regulation/pdf/2007/feder/ce\\_1080\(2006\)\\_es.pdf](http://ec.europa.eu/regional_policy/sources/docoffic/official/regulation/pdf/2007/feder/ce_1080(2006)_es.pdf)

<sup>13</sup> Regulamento 1084/2006: [http://ec.europa.eu/regional\\_policy/sources/docoffic/official/regulation/pdf/2007/feder/ce\\_1080\(2006\)\\_es.pdf](http://ec.europa.eu/regional_policy/sources/docoffic/official/regulation/pdf/2007/feder/ce_1080(2006)_es.pdf)